

NOTIFICACIÓN

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
119/2018	A Xunta de Goberno Local

Mediante este documento notifícaselle que na sesión desenvolvida o día 29 de agosto de 2018 se adoptou o seguinte acordo:

ASUNTOS DE URXENCIA: Expediente 119/2018. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DA OBRA MELLORA DO ABASTECIMENTO DE CUALEDRO-VILELA



de completarse o expediente para a adxudicación do contrato menor da obra "Mellora do abastecemento de Cualedro-Vilela", convocado por acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de xullo de 2018, con apertura de documentación administrativa e de proposicións económicas o día 20 de agosto de 2018, examínase a proposta de adxudicación que fai a Mesa de contratación a favor da empresa Dinor, S.L., conforme á acta redactada para o efecto.

A aprobación deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, segundo a delegación de competencias efectuada polo alcalde mediante decreto do 16 de xuño de 2015.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións previstas no apartado primeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, por unanimidade, ACORDA:

- Adxudicar o contrato menor da obra de "Mellora do abastecemento de Cualedro-Vilela", á empresa Dinor, S.L., por un importe de dezanove mil oitocentos euros (19.800,00 €), IVE incluído.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante este órgano, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo desta Provincia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.



DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cualedro

Avda. de Portugal, 8, Cualedro. 32689 (Ourense). Tfno. 988424004. Fax: 988424026